

A CIG mantivo unha reunión có Secretario Xeral para abordar os seguintes temas relacionados co persoal de Corpos Xerais da provincia:

Produtividade por maior dedicación.

Analizada a distribución deste complemento, observamos que ata agora a súa percepción dáse maioritariamente na Comisaría da Coruña. Por exemplo, o pasado mes de febreiro percibiron esta produtividade 10 persoas, das que 7 están ubicadas na Comisaría da Coruña. A isto hai que sumar que na Coruña tamén contan con 5 complementos de produtividade para apoio a postos de secretaría que son específicos para esas unidades. A CIG solicitou que a distribución se faga tendo en conta as necesidades de todas as comisarías da provincia. Na actualidade todas as unidades sofren a falta de persoal, o que sobrecarga ás persoas que están traballando, por ese motivo, consideramos que o reparto dos complementos por maior dedicación debe aumentarse nas Comisarías de Compostela, Ribeira, Carballo e Ferrol-Narón. Non nos parece razoable que por exemplo, a Comisaría de Compostela, segunda en tamaño, teña para distribuír entre o seu persoal un só complemento ou que para dispoñer de dous teña que prescindir Ribeira do único complemento de produtividade por maior dedicación que ten.

O Secretario comprometeuse a revisar as cargas de traballo e facer unha distribución máis equitativa entre todas as comisarías.

Efectivos.

A día de hoxe, a porcentaxe de postos vacantes na provincia é do 22,80 % (86 postos vacantes na provincia). Mentres tanto, a DGP non inclúe nos concursos de traslados as vacantes existentes e destina efectivos do CNP, cun salario moi superior e outras funcións, á expedición de documentación. A CIG, tal e como ven facendo en Madrid, manifestouse en contra desta política de persoal. Tamén falamos do seguinte:

- A. Comisións de servizo: tanto na Coruña como no conxunto da Galiza existen postos ocupados en comisión de servizos que superan os dous anos nesta situación o que incumpre o establecido na normativa. Concretamente, nesta provincia temos o posto nº. 4978716 que leva ocupado provisionalmente máis de dous anos e non se sacou no concurso de traslados. Nesa mesma situación estivo ata aí pouco o posto 4290064, que agora cubriuse mediante a promoción interna. A CIG manifestou que

se está cometendo unha ilegalidade e que os postos hai que cubrilos mediante concurso, sistema ordinario de provisión onde todo o persoal pode acceder en condicións de igualdade.

- B. O Secretario Xeral indicou que dende Coruña nunca se puxo impedimento a que os postos vacantes se convocaran no concurso. Isto fai que teñamos que endurecer a nosa acción sindical na Dirección Xeral da Policía para forzar a que se cumpra a legalidade na cobertura de postos de traballo.
- C. Atribución temporal de funcións: A Xefatura Superior, en vez de cubrir os postos vacantes por concurso, optou nalgunha comisaría por poñer persoal que ten o seu posto noutra unidade ou provincia facendo un uso “inapropiado” da atribución temporal. Esta figura está pensada para que en casos “excepcionais” a Administración poida mover a xente de posto para facer tarefas que, por causas circunstanciais, non poidan ser atendidas polo persoal existente. O que non parece correcto é que nesa comisaría onde hai tantas tarefas non se cubran os postos de RPT de xeito ordinario.

Saúde laboral.

Instamos ao Secretario Xeral a facer as accións necesarias para constituír o comité de seguridade e saúde. Hai temas como a climatización e o ruído da comisaría Coruña Norte que hai que solucionar con celeridade e o foro máis adecuado para facelo é o citado comité.

O Secretario Xeral comprometeuse a falar cos servizos centrais para abordar a constitución do citado Comité.